



## CONCELLO DAS PONTES DE GARCÍA RODRÍGUEZ (A CORUÑA)

Parque Municipal s/n · CP 15320 · Telf. 981453116 · Fax 981453185 · REL 01150709 · CIF P1507100D

Ref.: MVA

### Expediente nº 2020/E001/000001

**Asunto:** proceso para a selección dun/dunha técnico/a de prospección e inserción laboral e constitución dunha lista de espera.

#### ACTA

Ás dez horas do día **once de xuño de dous mil vinte**, no Pavillón Polideportivo Municipal, situado na Avenida da Habana, s/n, As Pontes de García Rodríguez, reúnen as persoas que se relacionan, na condición que en cada caso se indica, co obxecto de constituír o tribunal encargado do proceso encamiñado á selección dunha persoa funcionaria interina e maila constitución e funcionamento dunha lista de espera ou bolsa de traballo, consonte coa convocatoria e as bases aprobadas mediante o Decreto 313/2020, do 26 de febreiro, publicadas no Boletín Oficial da Provincia (BOP) nº 42, do 03/03/2020.

#### Tribunal

-Presidenta:

.Matilde Montserrat González Rivera

-Vogais:

.1ª Eva Bergantiños Pérez

.2ª Marina Seco Paz

.3º José Sanjurjo Paz

-Secretario:

.José Manuel Cabarcos Anca

-Asesora:

.María Pilar Bouza Naseiro

A presidenta verifica a existencia do *quorum* requirido e declara a constitución do órgano de selección.

A continuación verificase o estado das instalacións e compróbase que reúnen os requisitos necesarios para celebrar o exercicio (único) da fase de oposición, con garantías de seguridade para as persoas aspirantes e as integrantes do tribunal.

O órgano de selección procede ao chamamento das persoas aspirantes e admitidas e convocadas a través do Decreto 691/2020, do 1 de xuño, e adopta as medidas de distanciamento e hixiénicas necesarias por mor da situación de saúde pública ocasionada polo COVID-19.

Ao chamamento comparecen as seguintes persoas aspirantes:

- Barreiro Domínguez, María
- Barro Rochela, Natalia María
- Díaz Ruíz, Ángel Martín
- Méndez Sachocos, Raquel

Non comparecen os/as seguintes aspirantes, que decaen nos seus dereitos:

- Baldo Vázquez, Juan Ramón
- Bellas Mouriño, María Soledad



## CONCELLO DAS PONTES DE GARCÍA RODRÍGUEZ (A CORUÑA)

Parque Municipal s/n · CP 15320 · Telf. 981453116 · Fax 981453185 · REL 01150709 · CIF P1507100D

Ref.: MVA

- Cabarcos Bermúdez, Delia
- Chamosa Rodríguez, María Manuela
- Del Cura San Juan, Elena
- Díaz del Río Sánchez, Enrique Xan
- López Couceiro, Ana Rosa
- Martínez Martínez, Matilde
- Moreno Montero, Francisco Javier
- Pereira Rodríguez, María
- Pérez Negreira, Sandra
- Rey Bouza, Eugenia
- Rodríguez-Losada Pérez-Montero, Mariana
- Rodríguez Tubío, Ana
- Zas Fernández, David

O órgano de selección encomenda ás persoas aspirantes que se presentaron, a realización do exercicio (único) da fase de oposición, consistente na resolución dun suposto práctico referido ás actividades a desenvolver durante a execución dun Programa Integrado para o Emprego, relacionado coas materias contidas no temario do Anexo I das bases da convocatoria.

Para estes efectos o tribunal presenta dúas opcións (A e B) de probas, con iguais características, e procede ao sorteo, sacando ao chou, en presenza do persoal opositor, unha delas, resultando elixida a opción B.

O órgano de selección, con carácter previo ao inicio da proba informa ás persoas aspirantes dos criterios que se terán en conta para avaliar e cualificar o exercicio, de acordo coa base nº 9 da convocatoria.

Rematada a proba escrita, o persoal aspirante é convocado para a lectura do seu proxecto ante o Tribunal, en sesión pública, a que asiste o resto de aspirante presentados/as.

Concluída a exposición por parte dos distintos aspirantes o tribunal procede á corrección e avaliación da proba, co seguinte resultado

Aspirantes	Puntos	Resultado
Barreiro Domínguez, María	11	Apta
Barro Rochela, Natalia María	16	Apta
Díaz Ruíz, Ángel Martín	6,50	Non apto
Méndez Sachocos, Raquel	3	Non apta

O órgano de selección verifica que o persoal aspirante que obtivo dez ou máis puntos, e que, polo tanto, superou a fase de oposición, acredita estar en presenza do Celga 4, segundo consta na documentación achegada, polo que o tribunal declara a innecesariedade de celebrar a proba específica para acreditar a competencia en lingua galega.



## CONCELLO DAS PONTES DE GARCÍA RODRÍGUEZ (A CORUÑA)

Parque Municipal s/n · CP 15320 · Telf. 981453116 · Fax 981453185 · REL 01150709 · CIF P1507100D

Ref.: MVA

Deseguido, o órgano de selección procede a avaliar os méritos das aspirantes (fase de concurso) que superaron o exercicio, co resultado que se reflicte a continuación. Tamén se reproduce a puntuación de fase de concurso e a total do proceso selectivo:

-Aspirante: **Natalia María Barro Rochela**

1. Oposición: 16 puntos
  2. Concurso:
    - a) Titulación adicional: 0 puntos
    - b) Formación: 3 puntos
    - c) Experiencia profesional: 6 puntos
- Subtotal (concurso): 9 puntos

Total proceso selectivo: **25 puntos**

-Aspirante: **María Barreiro Domínguez**

1. Oposición: 11 puntos
  2. Concurso:
    - a) Titulación adicional: 0,50 puntos
    - b) Formación: 2 puntos
    - c) Experiencia profesional: 1,15 puntos
- Subtotal (concurso): 3,65 puntos

Total proceso selectivo: **14,65 puntos**

De acordo co previsto na base nº 10 das que regulan a convocatoria, o tribunal

ACORDA:

Primeiro.- **Declarar aprobada á aspirante Natalia María Barro Rochela, con DNI \*\*\*6520\*\*, ao superar a fase de oposición e obter a maior puntuación no proceso selectivo.**

Segundo.- **Propoñer á concelleira-delegada da Área de Recursos Humanos, Industria e Emprego o nomeamento como funcionaria interina na modalidade de funcionaria interina por programa a Natalia María Barro Rochela.**

Terceiro.- **Propor a aprobación da seguinte lista de espera, integrada unicamente pola aspirante que tamén superou a fase de oposición e quedou en segundo lugar.**

**1. Barreiro Domínguez, María. Puntuación: 14,65 puntos**

Cuarto.- **Publicar a presente acta, ou un extracto dela, na páxina web municipal e no taboleiro de anuncios da Casa do Concello.**

E non habendo máis asuntos dos que coñecer, a presidenta declara concluída a sesión ás catorce horas da data indicada no encabezamento, redactándose a presente acta, que é subscrita polo secretario e a presidenta do tribunal.

A presidenta

O secretario